1.1 Identificar os trazos distintivos da colección	1	Debuxo da colección e elección dos materiais a usar.	3,0
2.1 Seleccionar os padróns para a obtención de novos modelos	2	Elaboración dos padróns necesarios para a creación da colección.	9,0
2.2 Aplicar ao padrón as variacións necesarias para conseguir novos modelos			
2.3 Obter os padróns da colección			
3.1 Documentar e arquivar a información referente a novos modelos	3	Documentación relativa a colección.	3,0
TOTAL			15

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Identifícanse os trazos distintivos da colección	• LC.1 - sobre o catálogo da colección	S	25
CA4.2 Seleccionáronse os padróns para a obtención de novos modelos	• LC.2 - sobre o catálogo da colección	N	10
CA4.3 Aplicáronse ao padrón as variacións necesarias para conseguir novos modelos	• TO.1 - sobre o catálogo da colección	S	20
CA4.4 Obtivéronse os padróns da colección	• LC.3 - sobre o catálogo da colección	S	20
CA4.5 Documentouse e arquivouse a información referente a novos modelos	• LC.4 - sobre o catálogo da colección	S	25
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
Análise e caracterización de coleccións.

Contidos
<p>0 Documentación técnica da colección.</p> <p>Arquivamento de padróns base e de modelos.</p> <p>Criterios para a elaboración de arquivos e catálogos.</p> <p>Programas informáticos.</p> <p>Factores técnicos que interveñen nunha colección: viabilidade e produción.</p> <p>Características estéticas de moda e tendencias. Función social e de uso. Representación e descomposición do volume de pezas en figuras planas.</p> <p>Factores que inflúen na execución dos padróns. Análise: anatomía, materiais téxtiles e non téxtiles, deseño e funcionalidade.</p> <p>Características dos compoñentes da peza.</p> <p>Selección de materiais en función do deseño.</p> <p>Selección de padróns base.</p> <p>Técnicas de transformación de padróns para a elaboración de variacións.</p> <p>Elaboración de coleccións.</p>

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Debuxo da colección e elección dos materiais a usar. - Debúxanse en plano, usando unha ficha de deseño. os modelos compoñentes da colección. Añadirase tamén unha ficha de materiais necesarios.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos factores técnicos que interveñen nunha colección: viabilidade e produción. Proposición dun tema sobre o que crear a colección. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración de unha colección relacionada co mundo escénico. 	<ul style="list-style-type: none"> Bocetos e fichas de materiais para unha colección de vestuario escénico. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes cas directrices para crear unha colección. Programas informáticos, láminas e material de debuxo. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre o catálogo da colección 	3,0
Elaboración dos padróns necesarios para a creación da colección. - Elaboranse os padróns que se consideren para a obtención das prendas da colección.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación a cerca dos factores que inflúen na execución dos padróns. Análise: anatomía, materiais 	<ul style="list-style-type: none"> Selección de padróns base. 	<ul style="list-style-type: none"> Patróns transformados segundo os bocetos que fixeron para a colección. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes de padronaxe 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - sobre o catálogo da colección 	9,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	téxtiles e non téxtiles, deseño e funcionalidade.	<ul style="list-style-type: none"> Técnicas de transformación de padróns para a elaboración de variacións. 		<ul style="list-style-type: none"> Programas informáticos. Material de debuxo. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - sobre o catálogo da colección TO.1 - sobre o catálogo da colección 	
Documentación relativa a colección. - Faranse as fichas técnicas precisas para a correcta elaboración da colección.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da documentación técnica necesaria para completar a colección. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración do catálogo de vestuario. 	<ul style="list-style-type: none"> Catálogo de vestuario. 	<ul style="list-style-type: none"> Modelos de fichas técnicas Programas informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.4 - sobre o catálogo da colección 	3,0
TOTAL						15,0

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Medidas anatómicas e adaptación do manequín.	20

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Analiza os puntos anatómicos que caracterizan cada tipo de peza de roupa	SI
RA2 - Obtén os padróns definitivos para a realización de modelos, aplicando as técnicas de modelaxe sobre manequín ou soporte virtual e axustando a toile ás liñas anatómicas de referencia, en función do deseño	NO

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os puntos anatómicos que interveñen na creación de padróns 1.2 Definir as principais características físicas de cada grupo (bebé, infantil, adolescentes, e persoas novas e adultas) 1.3 Relacionar cun talle as medidas do manequín	1	Táboas de medidas e medidas do manequín	5,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
2.1 Estimar os desafoxos e as folguras en función do material e do tipo de peza	2	Estimación dos desafoxos e folguras axeitados ó modelo.	3,0
3.1 Identificar a configuración e as medidas da persoa	3	Adaptación do manequín a persoa	12,0
3.2 Seleccionar o soporte ou manequín (estático ou dinámico)			
TOTAL			20

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os puntos anatómicos que interveñen na creación de padróns	• LC.1 - Sobre a táboa de medidas elaborada	S	20
CA1.2 Defínense as principais características físicas de cada grupo (bebé, infantil, adolescentes, e persoas novas e adultas)	• LC.2 - Sobre a táboa de medidas elaborada	S	20
CA1.3 Relaciónanse cun talle as medidas do manequín	• LC.3 - Sobre a táboa de medidas elaborada	N	10
CA1.4 Estímáronse os desafoxos e as folguras en función do material e do tipo de peza	• LC.4 - Sobre a táboa de medidas elaborada	S	20
CA2.1 Identifícanse a configuración e as medidas da persoa	• LC.5 - Sobre a táboa de medidas elaborada	S	20
CA2.2 Seleccionouse o soporte ou manequín (estático ou dinámico)	• LC.6 - Sobre a táboa de medidas elaborada	N	10
TOTAL			100

4.8.e) Contidos

Contidos
Puntos anatómicos de referencia estáticos e dinámicos.
Nomenclatura anatómica.
Sistemas normalizados de talles.

Contidos
Talle dunha peza.
Desafogos e folguras en función do material e do tipo de peza.
Soportes e manequíns.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Táboas de medidas e medidas do manequín - Estudiáramse diferentes táboas de medidas correspondentes a cada grupo de poboación e relacionárase o manequín con elas.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos diferentes puntos anatómicos de referencia estáticos e dinámicos e como encintar o manequín. Explicación dos sistemas normalizados de talles. 	<ul style="list-style-type: none"> Medición do manequín e realización da correspondente táboa de medidas. Encintado do manequín. 	<ul style="list-style-type: none"> Táboa de medidas do manequín e sinalización dos puntos anatómicos de referencia. Manequín encintado. 	<ul style="list-style-type: none"> Manequín Utensilios de medición Cinta para encintar 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Sobre a táboa de medidas elaborada LC.2 - Sobre a táboa de medidas elaborada LC.3 - Sobre a táboa de medidas elaborada 	5,0
Estimación dos desafogos e folguras axeitados ó modelo. - Valorárase os desfogos e folguras precisas para a elaboración do modelo segundo este sexa axustado, folgado ou moi folgado	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos desafogos e as folguras recomendados en función do material e do tipo de peza 	<ul style="list-style-type: none"> Cálculo dos desafogos das pezas a realizar. 	<ul style="list-style-type: none"> Táboa de medidas do manequín cos desafogos en función das pezas a realizar. 	<ul style="list-style-type: none"> Táboas de desafogos orientativas. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.4 - Sobre a táboa de medidas elaborada 	3,0
Adaptación do manequín a persoa - Modificarase o manequín para que sexa o máis parecido á persoa á que deicidimos facerlle o modelo.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das técnicas que se utilizan para adaptar os manequíns ás medidas da persoa. 	<ul style="list-style-type: none"> Adaptación do manequín ás medidas propias ou acordadas polo profesorado. 	<ul style="list-style-type: none"> Manequín customizado cas medidas acordadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Manequín Material de recheo 	<ul style="list-style-type: none"> LC.5 - Sobre a táboa de medidas elaborada LC.6 - Sobre a táboa de medidas elaborada 	12,0
TOTAL						20,0

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Elaboración de modelos usando a técnica de modelaxe.	37

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Obtén os padróns definitivos para a realización de modelos, aplicando as técnicas de modelaxe sobre manequín ou soporte virtual e axustando a toile ás liñas anatómicas de referencia, en función do deseño	NO

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Seleccionar correctamente as técnicas e os procedementos de modelaxe que se vaian aplicar	1	Estudio previo das técnicas e procedementos a aplicar	12,0
2.1 Obter as formas e os volumes requiridos na modelaxe da toile sobre o manequín	2	Otención da glasilla	15,0
3.1 Sinalizar sobre a toile os puntos de referencia e a situación de complementos	3	Sinalado e desmontado da glasilla	10,0
TOTAL			37

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.3 Seleccionáronse correctamente as técnicas e os procedementos de modelaxe que se vaian aplicar	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre a glasilla montada no manequín 	N	20
CA2.4 Obtivéronse as formas e os volumes requiridos na modelaxe da toile sobre o manequín	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - sobre a glasilla montada no manequín 	S	40
CA2.5 Sinaláronse sobre a toile os puntos de referencia e a situación de complementos	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - sobre a glasilla montada no manequín 	S	40
TOTAL			100

4.9.e) Contidos

Contidos
Técnicas e procedementos de modelaxe.
Criterios de selección e preparación de tecidos de características similares ás do tecido definitivo.

Contidos
Incorporación e axuste de pezas.
Aplicación de drapeados. Engurras. Pregamentos, plisados, pinzados, engurrados e conformados.
Axustes, folguras e achumbamentos. Sinalización de puntos de referencia.
Comprobación do axuste do padrón ao modelo.
Análise estético-anatómica. Análise funcional: adecuación ao uso e confortabilidade.
Validación da toile.

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estudio previo das técnicas e procedementos a aplicar - Valorarase a técnica máis axeitada para a elaboración dun modelo en concreto e forma de proceder.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das técnicas e procedementos de modelaxe 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicación das técnicas de modelaxe sobre o manequín 	<ul style="list-style-type: none"> Pezas creadas ca técnica de modelaxe 	<ul style="list-style-type: none"> Manequín Tecido Alfinetes 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre a glasilla montada no manequín 	12,0
Otención da glasilla - Montarase a glasilla sobre o manequín de xeito que se poida obter o modelo seleccionado.	<ul style="list-style-type: none"> Proposición dun ou varios modelos a crear sobre o manequín 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración do/s modelo/s propostos sobre o manequín 	<ul style="list-style-type: none"> Modelos realizados ca técnica de modelaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> Manequín Tecido Alfinetes 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - sobre a glasilla montada no manequín 	15,0
Sinalado e desmontado da glasilla - Sinalarase a glasilla nos puntos necesarios para unha posterior montaxe no tecido orixinal.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos puntos a sinalar antes de desmontar a glasilla 	<ul style="list-style-type: none"> Sinalización dos puntos indicados polo profesorado 	<ul style="list-style-type: none"> Glasilla marcada. 	<ul style="list-style-type: none"> Rotuladores de diferentes cores 	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - sobre a glasilla montada no manequín 	10,0
TOTAL						37,0

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Representación en papel dos modelos obtidos mediante modelaxe.	30

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Obtén os padróns definitivos para a realización de modelos, aplicando as técnicas de modelaxe sobre manequín ou soporte virtual e axustando a toile ás liñas anatómicas de referencia, en función do deseño	NO

4.10.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Espir o manequín en orde e sen alterar as referencias sinaladas	1	Desmontado da glasilla do manequín.	8,0
2.1 Reproducir os padróns planos a partir das pezas desmontadas	2	Reproducción dos padróns en papel.	12,0
3.1 Obter os padróns verificados e identificados	3	Comprobación dos padróns en papel.	10,0
TOTAL			30

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.6 Espiuse o manequín en orde e sen alterar as referencias sinaladas	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre a glasilla desmontada do manequín 	N	20
CA2.7 Reproducíronse os padróns planos a partir das pezas desmontadas	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - sobre o patrón obtido da glasilla 	S	40
CA2.8 Obtivéronse os padróns verificados e identificados	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - sobre o patrón obtido da glasilla 	S	40
TOTAL			100

4.10.e) Contidos

Contidos
0Despezo da toile. Reprodución da toile sobre papel, cartón ou soporte informático. Simulación. Programas informáticos específicos. Identificación e verificación de patróns.

4.10.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Desmontado da glasilla do manequín. - Sacarase a glasilla do manequín tendo espial coidado de non alterar os sinais marcados na mesma.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación sobre como desmontar a glasilla do manequín sen alterar as referencias sinaladas 	<ul style="list-style-type: none"> Desmontado da glasilla do manequín sen alterar as referencias sinaladas 	<ul style="list-style-type: none"> Glasilla desmontada. 	<ul style="list-style-type: none"> Glasilla Alfinetes Rotuladores de diferentes cores 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre a glasilla desmontada do manequín 	8,0
Reproducción dos padróns en papel. - Pasaranse os modelos obtidos sobre o manequín a papel	<ul style="list-style-type: none"> Explicación sobre como reproducir a glasilla en papel. 	<ul style="list-style-type: none"> Reproducción da glasilla en papel. 	<ul style="list-style-type: none"> Patrón en papel do modelo creado sobre o manequín. 	<ul style="list-style-type: none"> Glasilla Papel Material de debuxo. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - sobre o patrón obtido da glasilla 	12,0
Comprobación dos padróns en papel. - Comprobaranse os recorridos e formas dos padróns obtidos da glasilla por se precisan de algún pequeno axuste.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das operacións de afinado e verificación do/s patrón/s 	<ul style="list-style-type: none"> Verificación e identificación do/s patrón/s 	<ul style="list-style-type: none"> Patrón en papel do modelo creado sobre o manequín verificado e identificado 	<ul style="list-style-type: none"> Papel Material de debuxo 	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - sobre o patrón obtido da glasilla 	10,0
TOTAL						30,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles:

UF 1 - MP0585_12 Técnicas de padronaxe de vestiario á medida

CA1.1 - Identifícanse as medidas que definen o talle en cada peza

CA1.2 - Identifícanse os puntos anatómicos que interveñen na creación de padróns

CA1.4 - Estimáronse os desafoxos e as folguras en función do material e do tipo de peza

CA2.1 - Identifícanse medidas, técnicas, materiais e acabamentos

CA2.3 - Tivéronse en conta os desafoxos e as folguras en función do material e do tipo de peza

CA2.4 - Debuxáronse ou modificáronse as liñas de padróns base, seguindo as normas de trazado

CA2.5 - Verifícase a concordancia dos padróns base coas medidas establecidas, comprobando a situación dos puntos de axuste

CA2.6 - Marcáronse os sinais requiridos no proceso de unión de pezas

CA3.1 - Identifícase o tipo de transformación que require o modelo

CA3.3 - Obtívose o padrón transformado, comprobado e debidamente identificado

CA3.4 - Marcáronse os sinais requiridos no proceso de unión de pezas

CA3.5 - Cortouse e ensamblouse a toile nun tecido de características e comportamento similar ao tecido definitivo do modelo

CA3.8 - Obtivéronse e arquiváronse todos os padróns rectificadados, verificados e identificados

CA4.1 - Identifícanse os trazos distintivos da colección

CA4.3 - Aplicáronse ao padrón as variacións necesarias para conseguir novos modelos

CA4.4 - Obtivéronse os padróns da colección

CA4.5 - Documentouse e arquivouse a información referente a novos modelos

UF 2 - MP0585_22 Técnicas de modelaxe de vestiario á medida

CA1.1 - Identifícanse os puntos anatómicos que interveñen na creación de padróns

CA1.2 - Defínense as principais características físicas de cada grupo (bebé, infantil, adolescentes, e persoas novas e adultas)

CA1.4 - Estimáronse os desafoxos e as folguras en función do material e do tipo de peza

CA2.1 - Identifícanse a configuración e as medidas da persoa

CA2.4 - Obtivéronse as formas e os volumes requiridos na modelaxe da toile sobre o manequín

CA2.5 - Sinalizáronse sobre a toile os puntos de referencia e a situación de complementos

CA2.7 - Reproducíronse os padróns planos a partir das pezas desmontadas

CA2.8 - Obtivéronse os padróns verificados e identificados

Que un CA sexa mínimo esixible implica que o alumnado deberá superar (nota igual ou maior de 5 sobre 10) a proba correspondente ao instrumento de avaliación seleccionado para aprobar a unidade didáctica. Isto implica que para ter superada cada unidade didáctica, han de acadar polo menos un 50% en cada un de estes criterios considerados mínimos, e ter unha nota mínima de 5 puntos no cómputo da unidade.

Criterios de cualificación:

Este punto desenvolverase tendo en conta o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no Capítulo XI "A Avaliación" e Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de FP inicial. A avaliación farase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado. Por este motivo, nas modalidades de ensinanza presencial será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo "Técnicas de modelaxe e patronaxe de vestiario á medida".

No curso hai unha avaliación parcial por trimestre e a final.

A cualificación dos resultados de aprendizaxe virá dado pola aplicación dos instrumentos correspondentes sobre as actividades realizadas.

A nota da avaliación será a suma de 2 apartados:

- A) Probas prácticas ou traballos e actividades na aula avaliados mediante táboas de observación e listas de cotexo (60% da nota)
- B) Probas teóricas avaliadas mediante probas escritas ou listas de cotexo (40% da nota).

Cada unidade ten un peso porcentual dentro do módulo, segundo pode verse na táboa do apartado 3, de forma que entre todas suman un 100% . Así mesmo, cada criterio de avaliación ten un peso dentro da unidade e especificase o instrumento a través do cal vai ser avaliado, de forma que tódolos criterios sumen o 100% da unidade, ou que é o mesmo 10 puntos.

Resumo:

UD1- Peso da unidade no total do módulo: 5%

Lista de cotexo:100%

UD2- Peso da unidade no total do módulo: 12%

Poba escrita:30%

Táboa de observación/Lista de cotexo:70%

UD3- Peso da unidade no total do módulo: 13%

Poba escrita:30%

Táboa de observación/Lista de cotexo:70%

UD4- Peso da unidade no total do módulo: 12%

Poba escrita:30%

Táboa de observación/Lista de cotexo:70%

UD5- Peso da unidade no total do módulo: 12%

Poba escrita:30%

Táboa de observación/Lista de cotexo:70%

UD6- Peso da unidade no total do módulo: 13%

Poba escrita:30%

Táboa de observación/Lista de cotexo:70%

UD7- Peso da unidade no total do módulo: 5%

Táboa de observación/Lista de cotexo:100%

UD8- Peso da unidade no total do módulo: 6%

Lista de cotexo:100%

UD9- Peso da unidade no total do módulo: 12%

Lista de cotexo:100%

UD10- Peso da unidade no total do módulo: 10%

Lista de cotexo:100%

. DATOS A TER EN CONTA:

A entrega de traballos é requisito obrigatorio para superar o módulo

Nos boletíns de notas do primeiro e segundo trimestre aparecerá a nota correspondente a cada un deles. No boletín da 3ª aparecerá a nota final, na que se aplicarán as porcentaxes de cualificación reflectidas con anterioridade nesta programación.

O alumnado que non supere algunha das avaliacións trimestrais por non entregar algún dos traballos en tempo e forma ou non superar os mínimos exisidos; terá que facer, en xuño, á súa recuperación.

Tendo en conta que a entrega de traballos é requisito obrigatorio para superar o módulo a non presentación na data fixada, implicará a non superación das actividades prantexadas.

A nota para recuperar cada avaliación parcial será o 100% da obtida tras a aplicación do instrumento establecido nas probas establecidas. As notas superiores a 5 redondearanse á unidade seguinte superior, a

partir de 0,7.

Dado que o traballo na aula taller prepara ao alumnado para un contexto profesional, nos traballos e actividades de aula será valorada:

- a correcta execución dos exercicios individuais, ponderando o tempo da súa realización,
- as intervencións nas postas en común das actividades e a exposición dos traballos, así como como a contestación das preguntas propostas.
- O rigor na realización das actividades e o grao de orde e limpeza na presentación.

COPIAR NUN EXAME OU USAR O TFNO MOBIL OU CALQUER OUTRO TIPO DE INSTRUMENTO DE COMUNICACIÓN, SERÁ MOTIVO DE ANULACIÓN DA PROBA.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Artigo 34. Avaliacións parciais de módulos.

Punto 2. Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.

Punto 3. Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades ou probas de recuperación.

O alumnado de "Técnicas de modelaxe e patronaxe de vestiario á medida" que non superen algunha das unidades didácticas ao longo do curso terán a posibilidade de recuperalas despois de realizada a terceira avaliación parcial.

Nesta fase de recuperación realizarase polo menos unha proba por cada avaliación pendente de superar.

O informe individualizado se lle entregará xunto co boletín de notas do terceiro trimestre. A nota para recuperar cada avaliación parcial será o 100% da obtida tras a aplicación do instrumento establecido na proba. O resultado debe ser polo menos de 5 puntos sobre 10, e non se farán aproximacións decimais de 4 a 5. As notas superiores a 5 redondearanse á unidade seguinte superior, a partir de 0,7.

Para obter a cualificación final aplicarase a ponderación establecida, para cada unidade, nesta programación.

A recuperación é un proceso individual e autónomo, polo que: o uso do teléfono móbil, mirar o traballo dos demais participantes na proba ou falar con eles provocará a súa suspensión. Calquera dúbida relevante será resolta polo profesor durante o proceso.

No caso de non superar esta proba de xuño, o alumnado terá o módulo de "Técnicas de modelaxe e patronaxe de vestiario á medida" suspenso para o curso seguinte e non poderán acceder á FCT nin ao proxecto.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. CAPÍTULO VIII
Avaliación das ensinanzas da formación profesional inicial. Artigo 25. Aspectos xerais do proceso de avaliación.

Punto 5. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

O alumnado que acumulen máis dun 10% de faltas de asistencia inxustificadas (27 horas) en relación coa duración total do módulo de "Técnicas de modelaxe e patronaxe de vestiario á medida" (267 horas), incorrerán na perda do dereito á avaliación continua. A profesora valorará as circunstancias persoais e laborais do/a alumno/a á hora de xustificar ou non esas faltas, tal como indica a Resolución do 18 de xuño de 2021, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/2022, apoiándose no regulamento de réxime interno do centro.

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua co que non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo, que consistirá nunha proba con parte escrita e parte práctica suficientemente ampla que contemple polo menos tódolos CAs mínimos (con preguntas tipo test, preguntas cortas e un suposto práctico sobre as técnicas de modelaxe e padronaxe) para que o/a alumno/a poida demostrar a consecución de tódolos resultados de aprendizaxe da programación do módulo, deberá lograr como mínimo unha cualificación de 5 puntos en cada un deles.

A ponderación das dúas partes será:

- Probas escritas 30%
- Probas prácticas avaliadas mediante táboas de observación e listas de cotexo 70%

Dada a natureza do currículo deste módulo, cada unha das probas poden facerse en datas distintas. No caso de requirir traballos, o alumnado será avisado previamente e serán unha parte da avaliación polo que, en ningún caso eximen de facer a proba correspondente.

A demostración da adquisición dos resultados de aprendizaxe deste módulo é un proceso individual e autónomo, polo que: o uso do teléfono móbil, mirar o traballo dos demais participantes na proba ou falar con eles provocará a súa suspensión. Calquera dúbida relevante será resolta polo profesor durante o proceso.

A convocatoria para dita proba, que será tamén en xuño, estará publicada no taboeiro do centro, un mes antes da proba.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións quincenais de ciclo e nas mensuais de departamento quedará reflectido o grao de cumprimento da programación do módulo e xustificaranse as desviacións en caso de que aparezan. Ademais farase un seguimento UD a UD a través da plataforma. Desta forma tamén terase información do grao de cumprimento en canto a temporalización, actividades, tarefas propostas, dificultades observadas no alumnado e, en caso de desviación, poderanse solucionar ou analizar as súas causas e incorporar propostas de mellora para o curso seguinte, coa finalidade de ir perfeccionándoa curso a curso aproveitando a experiencia previa. Farase tamén un seguimento diario das tarefas realizadas no planificador do caderno do profesor.

Para a avaliación da práctica docente recollerase información a través do Departamento de Calidade mediante o cuestionarios facilitados ao alumnado para que valoren diferentes aspectos relativos á práctica docente, tales como organización e metodoloxía didáctica, interese polo alumnado, actitude e outras cuestións relacionadas coas cualificacións. Dado que a avaliación da propia práctica docente é un requisito básico para poder desenvolver correctamente o proceso de ensino a profesora tamén propoñerá aos alumnado cubrir de xeito anónimo unha enquisa de deseño propio máis ampla, a mediados da duración do módulo e ó remate do mesmo. Nesta enquisa en formato de rúbrica pódese valorar o desenvolvemento das sesións de titoría, o método de aprendizaxe, a claridade expositiva, a idoneidade dos métodos e recursos educativos e das avaliacións. Ademais analizaranse os resultados do seguimento da programación para valorar a organización, temporalización e concreción do currículo en relación a súa adecuación ás características do ámbito produtivo e as necesidades do alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

As avaliacións iniciais son procesos de avaliación diagnóstica que se fan a principios de curso para coñecer ao alumnado, establecendo unha coordinación entre o profesorado e o Departamento de Orientación, con intercambio de información e toma de decisións sobre a intervención educativa no grupo e con cada alumnado/a en particular. Aplicase para determinar se as competencias previas do alumnado son suficientes para cursar o módulo ou se require algún tipo de reforzo. Son especialmente importantes para a detección e atención educativa do alumnado con circunstancias ou necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) e para sentar acordos sobre o comportamento e liñas prioritarias de acción titorial xeral no grupo.

Segundo o artigo 14 da LOMCE, o alumnado con NEAE son ¿alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar¿.

Dentro do alumnado con NEAE podemos atoparnos con persoas con necesidades educativas especiais (NEE), son os que requiren, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta.

Para a realización da avaliación inicial pídese ao alumnado que cubra un cuestionario que recolle información xeral sobre o alumnado (datos persoais, historial académico e laboral se houbera, medidas de atención á diversidade recibidas anteriormente, intereses, actividades de ocio).

Para a sesión de avaliación inicial, que se realiza a finais de setembro ou principios de outubro, convocarase unha reunión de equipo docente xunto co departamento de orientación, na que o/a profesor/a que exerza a titoría farán unha breve exposición do perfil do grupo cos datos obtidos dos cuestionarios pasados aos alumnos/as durante o mes de setembro (de xénero, idade, coñecemento, formas de acceso, cultura, crenzas e relixións, orixe social e económico, ideoloxía, intereses, motivacións, expectativas, capacidades, ritmos de aprendizaxe, ...) Entre todos valorarase se hai algún alumno/a que poida ter NEAE ou simplemente necesidade de ampliación ou reforzo e falarase das medidas a adoitar. Deixarase constancia na acta da sesión.

Ademais, ao longo do curso realizaranse sucesivas avaliacións para detectar determinadas situacións ou problemas aínda non detectados.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. Capítulo VI "Alumnado con necesidades educativas especiais".

Artigo 15. "Ámbito e flexibilización modular de ciclos formativos." De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

Para atender á diversidade do alumnado e aos distintos ritmos de aprendizaxe existentes na aula dunha forma máis personalizada, ao longo do curso faranse tarefas de distinto tipo, procurando a gradación, que permite unha resposta máis eficaz aos distintos niveis do alumnado, propoñeranse tarefas de reforzo e de ampliación, con distintos niveis de dificultade. Esta avaliación formativa non se utilizará para cualificar ao alumnado, senón para comprobar se o proceso de ensinanza-aprendizaxe se desenvolve axeitadamente e poder corrixir ou axustar a realización das tarefas.

A metodoloxía empregada irase adaptando ás necesidades que vaian xurdindo ou se vaian detectando:

- a) Axustes na metodoloxía e recursos didácticos empregados, apuntar no encerado un breve esquema do que se fará durante esa sesión, expresarse con frases curtas e sinxelas, empregar apoios visuais e buscar o contacto ocular, facer breve recordatorio da clase anterior ao iniciar sesión, finalizar cun breve resumo do dito e adiantar o que se fará o seguinte día, empregar materiais didácticos variados para abordar os contidos de diferentes formas.

- b) Axustes no formato das probas escritas. Redactar de forma sinxela, axustar o tipo de preguntas (tipo test, de encher, curta, longa...) así como a súa temporalización se fose necesario.
- c) Agrupamentos flexibles, subdividindo o grupo de clase en varios grupos homoxéneos cando se queira reforzar contidos ao alumnado que non respondan aos obxectivos programados e heteroxéneos se o que se persegue é que poidan recibir enriquecemento dos outros compoñentes do grupo.
- d) Xestión do espazo na aula, colocando estratexicamente aos alumnado.
- e) Aportar ao alumnado que o precise un reforzo durante as sesións de tutoría.

Así mesmo, fomentárase o diálogo profesora-alumnado ao longo de todo o curso, para poder coñecer e comprender a casuística persoal de cada alumno/a, e así adaptarse ou establecer as medidas necesarias para asegurar un acceso á educación en igualdade de condicións.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No preámbulo XIV da LOMCE recóllese que "un dos principios nos que se inspira o Sistema Educativo Español é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación".

Dende o módulo de "Técnicas de modelaxe e patronaxe de vestiario á medida" perséguese que o alumnado, ademais de acadar uns resultados de aprendizaxe, se formen como cidadáns responsables en pleno desenvolvemento persoal, social e profesional, polo que se planearán metas relacionadas co ámbito moral e o civismo.

Ademais, para lograr que alcancen outros valores persoais e sociais, propoñeranse tarefas con dobre finalidade: a propia do módulo, para acadar o resultado de aprendizaxe, e unha segunda, para lograr esas competencias persoais e sociais. En concreto, a educación en valores tamén contemplará:

- Educación moral e cívica: a través das actividades e traballos en grupo, o alumnado poderá aprender a relacionarse respectando as normas con actitudes de tolerancia, a respectar as súa diferencias, opinións e puntos de vista.
- Educación en igualdade de oportunidades entre ambos sexos. Para facer fincapé na igualdade entre mulleres e homes, a distribución de tarefas e a participación na toma de decisións farase evitando a materialización dos roles tradicionais home-muller.
- Educación para a paz: nos traballos en equipo tamén deberán desenvolver o seu sentido da solidariedade e cooperación. A través das actividades orais, foméntase a capacidade de expresión e perder o medo a enfrontarse ante un público, así como a valoración do diálogo como ferramenta esencial para a convivencia.
- Educación para a conservación do medio ambiente. Experimentando con sistemas de patronaxe de "Residuo Cero".

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Todas aquelas actividades contempladas no Plan Anual do Centro que sexan competencia do Departamento de Têxtil, Confección e Pel.

- Tódalas actividades organizadas dende o Departamento de Emprendemento e Orientación como asistencia a charlas, conferencias, etc.

- Tódalas actividades decididas na reunión de Departamento da familia de Têxtil, Confección e Pel na primeira semana de curso e reflectidas na acta correspondente, como por exemplo: visitas ó centro de profesionais de prestixio no sector e que veñan a explicar a súa traxectoria e interactuar co alumnado.

Para o desenvolvemento destas actividades, sempre que sexa preciso, o módulo de "Técnicas de modelaxe e patronaxe de vestuario á medida" coordinarase con outros módulos profesionais do ciclo formativo.

Ademais dende o módulo de "Técnicas de modelaxe e patronaxe de vestuario á medida" proponse unha serie de actividades complementarias á formación (ACF) específicas como:

- A visita de exalumnos en activo para que expliquen a súa experiencia no sector.
- Con motivo da festividade do Entroido o alumnado elaborará en coordinación co módulo de "Confección de vestuario á medida" unha indumentaria propia destas datas para o seu lucimento no escaparate do instituto.

Dentro das actividades extraescolares de carácter voluntario propoñerase ó alumnado:

- A participación no desfile do "Encaixe de Camariñas"
- Asistencia de carácter voluntario a exposicións sobre o mundo da moda ou têxtil que se poidan celebrar durante o curso na Comunidade Autónoma.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía

A metodoloxía empregada neste módulo é maioritariamente expositiva e demostrativa. Asemade, o ser un módulo do ciclo superior fomentase a investigación, iniciativa, autonomía e a responsabilidade do alumnado na realización e entrega en data dos traballos propostos.